

JEANNE DIELMAN, 23, QUAI DU COMMERCE, 1080 BRUXELLES

1076

Chantal Akerman, 1975

ESTREA EN NUMAX: 07.03.2023 | V.O.S.E. | 193 min

Delphine Seyrig dá vida á inmortal Jeanne Dielman, unha muller encarcerada na escravitude do coitán, condenada a repetir as mesmas accións día tras día mentres coida do seu fillo adolescente. A súa vida segue unha orde inmutable: mentres o rapaz está na escola, ela ocúpase das tarefas domésticas pola mañá e exerce a prostitución pola tarde.

Foi recentemente elixido como o mellor filme da historia do cinema na votación da década da revista Sight&Sound.

«Non só critica o modo dominante de representar as mulleres, senón que desafia o propio modo de representación»

J. Hoberman, VILLAGE VOICE



JEANNE DIELMAN, 23, QUAI DU COMMERCE, 1080 BRUXELLES

Chantal Akerman, 1975

EUROPA
CINEMA
Creative Europe MEDIA

Unha cuestión de tempo

Por Ivone Margulies

Jeanne Dielman, 23, quai du Commerce, 1080 Bruxelles é a obra mestra de Chantal Akerman, un hipnótico estudo de estase e contención, tempo e ansiedade doméstica. O filme de Akerman, que estira a rutina diaria do seu personaxe principal en tomas longas e crúas, permítelle ao espectador experimentar a materialidade do cinema, a súa duración literal, e dálle á vez un significado concreto ao traballo dunha muller. Vemos, durante tres horas e vinte e un minutos como Jeanne cocina, toma un baño, cea co seu fillo adolescente, fai a compra ou busca un botón perdido. Cada xesto e cada son grávanse na nosa mente e, ao deixarnos arrolar por ritmos familiares e comportamentos esperados, facémonos cómplices do desexo de Jeanne pola orde. A perfecta paridade entre o horario predicible de Jeanne e a precisión minimalista de Akerman desvía a nosa atención dos fugaces signos da prostitución vespertina de Jeanne. Porén, céntrase no borde da nosa mente, creando gradualmente malestar. *Jeanne Dielman* constitúe un experimento radical coa falta de dramatismo e, paradoxalmente, coa absoluta necesidade do drama.

Akerman tiña só 25 anos cando no 1975 fixo este filme que subía o listón do mandato neorrealista de “atención social”. A presentación en tempo real de Akerman da vida cotiá dunha muller parecía burlarse da timidez da esixencia neorrealista dun “filme de noventa minutos que amose a vida dun home ao que non lle pasa nada”. No cinema e no vídeo de posguerra, as banais escenas de cocina, como en *Umberto D.* (Vittorio De Sica, 1952), *Dúas ou tres cousas que sei dela* (Jean-Luc Godard, 1967), *Semióticas da cocina* (Martha Rosler, 1975), son signos dun realismo inclusivo, dunha nova enerxía politizada. As “imaxes entre imaxes” de Akerman, esas escenas descoidadas na representación convencional, déronlle a este impulso un forte acento feminista. Pero máis que un correctivo ao cinema tradicional, *Jeanne Dielman* é unha lección de economía estrutural: a plena visibilidade concedida a tarefas cotiás ten como custo as escenas máis sensacionais da prostitución de Jeanne. Estes encontros duran o tempo que se tarde en preparar a cea.

Akerman dixo nunha entrevista que unha noite, despois de traballar no guión durante un tempo, “viu” o filme enteiro na súa forma “final”. Foi entón cando decidiu eliminar as subtramas e os personaxes secundarios, para centrarse de maneira máis intensa en Jeanne no seu apartamento. A tía Fernande, a irmá de Jeanne que vive en Canada, só aparece en forma de carta, que Jeanne lle le de forma monótona ao seu fillo. A veciña, que se escoita na porta (interpretada pola propia Akerman) describe como, mercando a cea do seu marido aínda indecisa, acabou comprando o mesmo corte de carne caro que a persoa que tiña diante na cola. Nunca son casuais, cada un dos estraños e longos monólogos do filme expresa algún tipo de presión de xénero: o matrimonio de Jeanne, os pensamentos edípicos do fillo, cada un respira unha ansiedade sexual, cada un é un prolongado intento de mitigar a “outra escena” que nunca vemos, as citas das tardes eludidas.

Publicado en The Criterion Collection



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Una familia en Bruselas,
Chantal Akerman.
Tránsito, 2021

Nada Ocorre.
Hiperrealismo cotidiano
en Chantal Akerman,
Ivone Margulies.
8mm, 2018

Mi madre se ríe,
Chantal Akerman.
8mm, 2019